

## OFERTA EMPREGO PÚBLICO GARDA CIVIL 2022

O Goberno, a través do Ministerio de Hacienda y Función Pública, vén de publicar no BOE (Boletín Oficial del Estado) do 25 de maio de 2022 a oferta de emprego público do Corpo da Garda Civil para o ano 2022.

**Prazas: 1671 para ingreso directo na Escala de Cabos e Gardas do Corpo da Garda Civil.**

**Reserva de prazas:** Do total de 1671 prazas convocadas para ingreso directo na Escala de Cabos e Gardas resérvanse 669 aos militares profesionais de tropa e mariñeiría que leven polo menos cinco anos de servizos efectivos como tales e 175 prazas para os alumnos do Colexio de Guardias Jóvenes.

As prazas reservadas a militares profesionais de tropa e mariñeiría e aos alumnos do Colexio de Guardias Jóvenes que non sexan cubertas acumularanse ao cupo de prazas libres.

**ENLACE AO REAL DECRETO DO BOE:**

<https://www.boe.es/boe/dias/2022/05/25/pdfs/BOE-A-2022-8545.pdf>